

Repercusión de 25 anos do IES de Ortigueira.

É importante considerar os centros educativos dos pobos e cidades como verdadeiras empresas que producen capital humano. Os ensinos de BUP e EXB non son normalmente formación terminal, porque teóricamente non preparan por si mesmos para o mundo laboral, aínda que si crean a materia prima que logo se remata nas formacións profesionais, na Universidade, na Empresa e en paralelo con todo isto, na vida diaria. Podemos decir que o Instituto, nos seus primeiros 25 anos formou unha grande cantidade de bachareles, dos que moitos continuaron co desaparecido COU cara os estudos universitarios. Nese sentido o éxito é rotundo. Como crítica podemos decir que Ortigueira neste tempo perdeu a Formación Profesional, que si se desenvolveu conxuntamente co bacharelato en vilas como Cedeira. É importante o esforzo que se fixo coa Reforma Educativa para que a FP volveuse a Ortigueira, e é importante que cuidemos dela, na medida que o permita o volume de poboación actual do Concello.

Concretando un pouco, segundo os datos que figuran na Secretaría, podemos falar da seguinte produción, aínda sen rematar o 25 ano académico. As cifras non son exactas por diversos factors, pero poden indicar a grande repercusión social, cultural e económica que o instituto tivo para a comarca.

O número total de alumnos matriculados nestes vinte e cinco anos e de dous mil seiscentos vinte. A maioría son do Concello de Ortigueira, habendo tamén de Moeche na primeira etapa, de Mañón e de Cariño. Nestes últimos anos, coa aparición dos ciclos formativos, aparecen tamén alumnos de Viveiro, Burela, Foz, As Pontes, Ferrol, Cariño, Cedeira, Vilalba, Coruña, Vigo, etc, que sin ser moitos si que lle dan proxección ó instituto noutros lugares, e supoñen 3 ou 4 vivendas alugadas a estudantes durante o inverno.

O número de Bachareles (3º BUP antigo) é de mil douscentos dez, dos que mil cen fixeron tamén COU. Isto supón que Ortigueira ten unha grande cantidade de Universitarios na actualidade espallados por toda a xeografía galega e estatal. Aínda que lóxicamente a grande maioría non pode traballar na súa terra, si volven a casa a disfrutar dos períodos vacacionais, e quen sabe si no futuro, ou co teletraballo, mercarán segundas vivendas no Concello. O número de Bachareles LOXSE (equivalencia antigo COU) é de cento vinte e dous.

No que atinxe á Formación Profesional, o IES de Ortigueira deu nos últimos cinco anos de funcionamento cincuenta e un Técnicos Superiores en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, trinta Técnicos Medios en Conducción de Actividades Físicas no Medio Natural, e próximamente os oito primeiros Carpinteiros Títulados que esperamos no futuro sexan moitos máis. Algunhas Piscinas, Ximnasios e Servicios Municipais de Deportes teñen técnicos formados en Ortigueira. Tamén apareceron en diferentes municipios empresas que se adican ás actividades turísticas na natureza. Varios empresarios tiveron a idea a partires de estudar no Instituto, e outros xa iniciados viñeron a obter a titulación. Outros alumnos continúan estudos na Universidade, e traballan no verán de Socorristas e Monitores Deportivos. Hoxe son mais habituais nas parroquias actividades como o Aerobic ou a Ximnasia de Mantemento, non habendo dificultade para conseguir monitores.

Algúns rapaces que non superaron o Ensino Secundario Obligatorio tiveron e teñen a oportunidade de cursar os Programas de Garantía Social, que lles permiten o acceso ó Mundo Laboral ou a continuación mediante unha proba na Formación Profesional. Dezasete cursaron “Axudante de Servicios de Restaurante e Bar” da familia

profesional de Hostelería e dezaioito iniciáronse en empresas diversas como “Operarios de Carpintería”, de “Reparación de Automóviles”, de “Soldadura” e de “Estética”, a traveso da formación Mixta (PIP).

Tamén merece especial atención a oferta do Ensino Permanente para Adultos que se imparte desde hai 5 anos e que constitúe unha segunda oportunidade para persoas que no seu momento non poideron ou non quixeron continuar no sistema educativo, e que agora precisan ou desexan formarse.

Pero casi tan importante como a formación académica, aínda que lóxicamente nun segundo plano, pódese dicir que o instituto sirveu de punto de encontro da poboación xuvenil e ás veces adulta do Concello, de lugar de desenvolvemento de todo tipo de actividades culturais, de Cursos de Iniciación e Perfeccionamento en Lingua Galega requeridos no mundo laboral, de Conferencias, de Teatro, de Deportes. Cando Ortigueira carecía de instalacións deportivas municipais moitos disfrutamos e pasamos a infancia xogando a Baloncesto, Tenis e Fútbol Sala, ás veces de furtivos, outras con permiso, e outras en Torneos Organizados como aqueles celebres Campionatos de Fútbol Sala (con equipos como Casa Carmona, Pub Galaripos, Petapouco, Os Peques, Santa Marta, Agroortegal, etc) cheos de competidores e espectadores. Aquelas dúas pistas de aglomerado asfáltico foron determinantes na aparición da cultura deportiva para moitos de nós.

É tamén destacable a importancia educativa para a poboación que tiveron e teñen as diferentes actividades extraescolares como excursións e os recentes intercambios con outros países.

Por outra parte, ó longo de vinte e cinco anos debemos ter en conta o papel que desenvolveron diferentes profesionais e intelectuais que se integraron dalgunha maneira no pobo e nas asociacións facilitando o desenvolvemento cultural. Todos eles colaboraron decisivamente para que as xentes do noso Concello, nuns tempos que non había os medios que temos hoxe, coñecesen de primeira mao o que se estaba facendo polo mundo nas diferentes artes e disciplinas do saber.

É por todo isto de xustiza, recoñecer, en tempos nos que a educación ten que ser xa un dereito e non un privilexio, o esforzo que toda unha comarca tivo hai vinte e cinco anos para acadar un Instituto. Podería anos despois, haber instituto igualmente, pero é de admirar, e non ocorre moitas veces, que máis de novecentas familias e empresas do Concello, e da emigración se organizasen e aportasen cartos, cada unha en función das súas posibilidades económicas, para conseguir para os seus fillos o máis preciado ben que unha sociedade pode ter. Seguramente para moitos foi a mellor inversión da súa vida.

Carlos E. Rodríguez Legarreta foi alumno do 84 ó 88, e agora é profesor de Educación Física no IES de Ortigueira, formando parte do actual equipo directivo.